



**A/A DIRECCIÓN DE MONTAXE
A/A DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANS E SOCIAIS**

Vigo, 21 de Febreiro de 2019

As tres Centrais Sindicais compartimos a necesidade de afrontar definitivamente a situación actual que estamos padecendo na Liña de Producción de M2.

Si co traballo feito ata agora por parte da Representación Sindical logramos que se visualizaran os problemas... ***para nos, esta situación que arrastramos dende o lanzamento do K-9 por esta Liña, ten que ter unha solución inmediata.***

A estas alturas pouco ou nada podemos escribir do que xa está dito e falado nos diferentes foros perante a Dirección. Pero ao que ***non estamos dispostos é a continuar con esta FALLA DE COMPROMISOS E DE RECONSIDERACIÓNS por parte da Dirección de Montaxe.***

Dende hai unhas semanas conseguimos que o Responsable de Fabricación da M-2 nos acompañara a cada unha das UEP's da cadea para "*in situ*" comprobar a realidade dos diversos problemas e dificultades que se padece coche a coche.

Nos consta que a Xerarquía de Montaxe os coñece.... porque é o seu deber. Pero si pensaban que escondéndoos ían desaparecer...***SE EQUIVOCABAN. O que están a facer é EMPEORÁNDOOS AÍNDA MÁIS.***

De aí a necesidade de recoñecelos e afrontalos... ***a mala configuración dos repartos, o non respecto da composición, a falla de delimitación dos postos, a degradación dos medios e útiles industriais, o escaso tempo nas operacións, ...así como o mal uso que se lle está a dar aos 11 minutos de Andon e a recuperación de traballos externalizados.***

A situación en Montaxe nos últimos tempos é grave, ***pero o que está a suceder na M2 non ten precedentes.*** Nesta ocasión, *as duras condicións de traballo que se esixe e a falla de comunicación e información por parte da Xerarquía converténdonos aos/as traballadores/as como parte do problema, fai que, dunha vez por todas, os/as que teñen a Responsabilidade do que está a suceder ASUMAN A SÚA INEFICACIA e se impliquen aportando os medios materiais e económicos precisos para que cada UEP resolva as queixas e dificultades que demandamos os/as traballadores/as.*

É o momento de poñer enriba da mesa solucións e compromisos. Para as tres Centrais Sindicais que subscribimos este escrito o Dialogo Social pasa por dispor, no reparto do mes de Marzo, ***unha M2 con postos realizables e unhas condicións de traballo óptimas.***